

INFORME DA SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA SOBRE O PROXECTO DECRETO POLO QUE SE CREA E REGULA O REXISTRO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE GALICIA.

En cumprimento do disposto no artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, respecto do *proxecto de decreto polo que se crea e regula Rexistro de instalacións deportivas de Galicia*, esta Secretaría Xeral emite o preceptivo

INFORME

1.- Marco normativo

O Estatuto de autonomía de Galicia aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 27.22, atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia da promoción do deporte e axeitada utilización do lecer.

Ao abeiro do anterior, aprobouse a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte en Galicia, que ten por obxecto a promoción e a coordinación do deporte na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a ordenación do seu réxime xurídico e a súa organización institucional, de acordo coas competencias que o Estatuto de autonomía e o resto do ordenamento xurídico lle atribúen á Comunidade Autónoma de Galicia.

O Título VI da Lei 3/2012, do 2 de abril, regula as instalacións deportivas, e adica o seu Capítulo I ao Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia. O artigo 76, define as instalacións deportivas, regula a súa clasificación e prevé no seu apartado catro o desenvolvemento regulamentario para establecer unha tipoloxía de instalacións, así como un sistema de clasificación destas, atendendo, entre outras circunstancias, ás características da súa oferta deportiva e á calidade dos servizos prestados. De acordo co artigo 77, correspóndelle á Administración autonómica a creación e custodia do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia, no que se inscribirán as instalacións deportivas de uso público da Comunidade Autónoma. A continuación, nos artigos 78 a 82 régúlase o Plan Xeral de instalacións e equipamentos deportivos e finalmente, os

[SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA](#)

Complexo Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 283/284
secretariaxeral.presidencia@xunta.gal



requisitos e uso das instalacións quedan recollidos nos artigos 83 a 85, dispoñendo o artigo 83.2 a obriga dos concellos de comunicar ao Rexistro de Instalacións e Equipamentos Deportivos de Galicia as licencias ou autorizacións outorgadas para as instalacións deportivas de uso público.

A nivel estatal, a Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, regula entre as competencias do Consello Superior de Deportes a de actualizar permanentemente o censo de instalacións deportivas en colaboración coas Comunidades Autónomas.

2. Necesidade, acerto e oportunidade

Respectando o marco normativo, o proxecto ten por obxecto desenvolver regulamentariamente as previsións da Lei 3/2012, do 2 de abril, regulando o Rexistro de instalacións deportivas de Galicia. Esta regulación responde á necesidade de crear e custodiar o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia, no que se inscribirán as instalacións deportivas de uso público da Comunidade Autónoma.

3.- Contido

Este decreto estrutúrase en cinco títulos, cun total de vinte e tres artigos, tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria, dúas disposicións derradeiras e catro anexos.

No Título Preliminar establécense as *Disposicións xerais*, determinándose o obxecto, ámbito de aplicación, contido e finalidade, natureza xurídica e adscrición, definicións, soporte e custodia, cooperación administrativa e deberes de colaboración.

No Título I régúlase a estrutura do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia (RIDEGA).

No Título II, que se divide en catro capítulos, régúlase o procedemento de inscrición e os seus efectos. O capítulo I regula a inscrición a instancia de parte, o capítulo II regula a modificación e baixa da inscrición a instancia de parte, o capítulo III regula a inscrición, modificación e baixa de oficio e o capítulo IV establece os efectos da inscrición.

O Título III regula a publicidade e acceso á información pública contida no rexistro.

O Título IV establece o réxime de infraccións e sancións.

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Complexo Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 283/284
secretariaxeral.presidencia@xunta.gal



Mediante disposición adicional establécense disposicións relativas a instalacións deportivas dos centros docentes públicos, a actualización de modelos normalizados e o soporte técnico do RIDEGA.

Mediante disposición transitoria establécese a inscrición no RIDEGA das instalacións que figuren na Plataforma Galicia Saudable, da Secretaría Xeral para o Deporte.

Nas disposicións derradeiras dispónse a habilitación normativa para o desenvolvemento do decreto e a súa entrada en vigor.

O proxecto conta cun Anexo que contén a estrutura de datos do RIDEGA, así como anexos que corresponden aos formularios DE001A, DE001B e DE001C.

4.- Tramitación e procedemento

A tramitación do proxecto realizouse de conformidade co establecido no Título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Asemade xustifícase no expediente a observancia dos principios de boa regulación establecidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Consta no expediente a documentación xustificativa dos seguintes trámites:

- Acordo Consello polo que se encomenda á Secretaría Xeral para o Deporte a creación do Rexistro de instalacións deportivas de Galicia, 16/01/2020
- Certificado consulta pública previa 20/04/2020
- Acordo da Secretaría Xeral para o Deporte de inicio da elaboración do anteprojecto, 20/04/2020
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia do 28/01/2021
- Memoria da Secretaría Xeral para o Deporte relativa ás observacións formuladas no Ditame CCG 342/2020
- Certificado consulta pública previa 20/04/2020
- Táboa de vixencias do 20/04/2020
- Memoria xustificativa do 11/02/2021
- Memoria económica do 11/02/2021
- Informe Servizo apoio técnico, 12/02/2021
- Resolución de aprobación inicial do 12/02/2021

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Complexo Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 283/284
secretariaxeral.presidencia@xunta.gal



- Certificado publicación Portal de Transparencia e Goberno aberto entre o 17/02/2021 e o 09/03/2021
- Trámite de audiencia e memoria do tratamento dado ás alegacións recibidas, 12/03/2021
- Memoria impacto demográfico 10/03/2021 e informe da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, do 26/03/2021
- Informe Secretaría Xeral de Universidades 16/03/2021
- Informe da Secretaría Xeral da Igualdade, do 22/03/2021
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, do 13/04/2021
- Informe tecnolóxico e funcional da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e Amtega, do 15/04/2021
- Memoria xustificativa do tratamento dado ás observacións formuladas nos informes recibidos, do 15/04/2021
- Informe da Asesoría Xurídica do 19/01/2022
- Memoria xustificativa acceso medios electrónicos do 22/02/2022
- Memoria xustificativa do tratamento dado ás observacións do informe da Asesoría Xurídica do 22/02/2022.

En virtude do exposto, emítase o presente informe de conformidade cos artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e procede solicitar o ditame do Consello Consultivo de Galicia, segundo do disposto no artigo 12.c) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Santiago de Compostela

O Secretario Xeral da Presidencia

Álvaro Pérez López

SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Complexo Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 283/284
secretariaxeral.presidencia@xunta.gal

